

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Orde do 16 de xuño de 2004 pola que se modifica o procedemento de devolución das retencións practicadas nos pagamentos de cupón da débeda pública emitida pola Xunta de Galicia.*

O procedemento actual de devolución das retencións practicadas no pagamento dos cupóns da débeda pública da Xunta de Galicia regúlase nas seguintes disposicións.

1. Resolución do 22 de outubro de 1993, da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, pola que se establece o procedemento de devolución de oficio das retencións sobre rendementos procedentes de débeda da Xunta de Galicia aos non residentes que non operen en España por medio de establecemento permanente.

2. Resolución do 3 de xullo de 2001, da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, pola que se establece o procedemento de devolución de oficio das retencións sobre rendementos procedentes da débeda pública da Xunta de Galicia, aos suxeitos pasivos do imposto de sociedades e aos investidores non residentes que operen en España a través de establecemento permanente.

No punto 6º de ambas disposicións establécese que en cada vencemento de xuros a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro transferirá por unha parte, á conta aberta para tal efecto no *Banco de España*, o importe líquido dos xuros que resulte da aplicación do tipo xeral de retención e por outra parte, a través da entidade xestora, transferirá as cantidades retidas tanto aos non residentes que non operen en España por medio de establecemento permanente, como aos suxeitos pasivos do imposto de sociedades e aos investidores non residentes que operen en España a través de establecemento permanente.

Por a súa parte o Real decreto 1948/2000, do 1 de decembro, establece que os procedementos de pagamento de xuros correspondentes á débeda do Estado rexistrada na Central de Anotacións que, en virtude da normativa vixente, estean exceptuadas de retención, sexan aplicables tamén á débeda emitida polas comunidades autónomas e as entidades locais, sempre e cando esta estea rexistrada na Central de Anotacións e a Comunidade Autónoma o ente local emisor da débeda teña asinado un convenio co *Banco de España* onde se determine que o servizo de devolución de retencións practicadas nos pagamentos de cupón será realizada polo *Banco de España*.

De acordo coa Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, desde o 1 de abril de 2003, a *Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación, S.A.U.* (IBERCLEAR) asumiu as funcións de

registro, compensación e liquidación de valores de Mercado da Débeda Pública en Anotacións. Tales funcións estaban previamente encomendadas á Central de Anotacións de Débeda Pública, xestionada polo *Banco de España*.

A débeda pública emitida pola Comunidade Autónoma de Galicia atopábase rexistrada na Central de Anotacións antes da publicación da Lei 44/2002, do 22 de novembro, e en consecuencia, actualmente en IBERCLEAR. Así mesmo, a Comunidade Autónoma ten suscrito un convenio de colaboración co *Banco de España* desde o ano 1993, aínda vixente se ben en data do 15 xuño de 2004 foi modificada a cláusula 7ª, establecéndose que o *Banco de España* adebedará na conta de tesourería da Xunta de Galicia, o importe líquido dos xuros, así como o importe das devolucións das retencións practicadas sobre os rendementos da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto a investidores non residentes que non operen a través de establecemento permanente en España, como a calquera outro investidor, nos casos que proceda, de acordo coa lexislación vixente e a forma que regulamentariamente se estableza.

Baseándose en todo o anterior e para os efectos de modificar o procedemento de devolución da retención antes referido,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-O procedemento de devolución das retencións que de acordo coa lexislación vixente se practiquen nos pagamentos de cupón da débeda emitida pola Comunidade Autónoma de Galicia, será xestionado polo *Banco de España* de acordo cos procedementos que regulamentariamente este estableza.

#### Disposición derogatoria

Esta orde deixa sen efecto as resolucións do 22 de outubro de 1993 e do 3 de xullo de 2001, da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro, polo que se establecen os procedementos de devolución de oficio das retencións sobre rendementos procedentes de débeda da Xunta de Galicia aos non residentes que non operen en España por medio de establecemento permanente, así como aos suxeitos pasivos do imposto de sociedades e aos investidores non residentes que operen en España a través de establecemento permanente.

Así mesmo, quedan sen efecto, as referencias ás resolucións anteriormente mencionadas que se conteñen nas ordes da Consellería de Economía e Facenda que establezan as condicións de emisión da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia en circulación.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Política Financeira e Tesouro para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2004.

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Corrección de erros.-Resolución do 28 de maio de 2004 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, Igape, que aproba a reorganización do seu persoal directivo.*

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 111, do 10 de xuño de 2004, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 8.238, onde di: «2.1.1. Subdirección de Promoción.

2.1.2. Subdirección de Difusión Tecnolóxica.

2.1.1. Subdirección de Promoción, que exercerá, baixo a dependencia directa do director da área, as seguintes funcións:»; debe dicir: «2.1.1. Subdirección de Promoción Empresarial.

2.1.2. Subdirección de Difusión Tecnolóxica e Plans Estratéxicos Empresariais.

2.1.1. Subdirección de Promoción Empresarial, que exercerá, baixo a dependencia directa do director da área, as seguintes funcións:»

-Na páxina 8.239, onde di: «2.1.2. Subdirección de Difusión Tecnolóxica, que exercerá, baixo a dependencia directa do director da área, as seguintes funcións:»; debe dicir: «2.1.2. Subdirección de Difusión Tecnolóxica e Plans Estratéxicos Empresariais, que exercerá, baixo a dependencia directa do director da área, as seguintes funcións:»

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### c) SUBSTITUCIÓNS:

#### PRESIDENCIA

*Decreto 117/2004, do 17 de xuño, polo que se acorda encargar do despacho de asuntos da Consellería de Sanidade, durante a ausencia do seu titular, ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.*

Con motivo da viaxe do conselleiro de Sanidade, a Estados Unidos é necesario prover a substitución durante o tempo da súa ausencia.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire o artigo 26.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

### DISPOÑO:

Artigo único.-Durante a ausencia do conselleiro de Sanidade, con motivo da súa viaxe a Estados Unidos, encárgaselle o despacho dos asuntos da Consellería de Sanidade, desde o día 18 de xuño ata o seu regreso, ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Santiago de Compostela, dezasete de xuño de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 9 de xuño de 2004 pola que se clasifica como de interese industrial a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (Faimevi).*

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo* (Faimevi), con domicilio en Vigo.

Supostos de feito.

1. A fundación, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo* (Faimevi), foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo, día 28 de maio de dous mil tres, ante o notario Antonio A. Salgueiro Armada co número de protocolo oitocentos cincuenta e un por Lois Pérez Castrillo, Manuel Abeledo López, Julio Pedrosa Vicente, Juan Caamaño Cebreiro, Domingo Docampo Amoedo, Santiago López-Guerra Román, Juan González Vidal, Rafael Varea Cabanillas e Carlos Pérez Sarti, interveñen: Lois Pérez Castrillo en nome e representación do Concello de Vigo, Julio Pedrosa Vicente en nome e representación da Autoridade Portuaria de Vigo, Juan Caamaño Cebreiro en nome e representación, na súa calidade de director do Instituto da Enerxía de Galicia (INEGA), Manuel Abeledo López en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, Lois Pérez Castrillo actúa ademais en nome e representación da Mancomunidade del área Intermunicipal de Vigo, Domingo Docampo Amoedo interveñen en nome e representación da Universidade de Vigo, Santiago López-Guerra Román en nome e representación do Consorcio de la Zona Franca de Vigo, Juan González Vidal, en nome e representación